

# **Informe sobre o topónimo *Ría de Ribadeo***

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela

+34 981 957 202  
consellodacultura.gal



Con data 29 de abril de 2021 recibíuse no Consello da Cultura Galega solicitude da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia dun informe relativo ao topónimo *Ría de Ribadeo*, trala comunicación á Xunta de Galicia feita pola Dirección General del Instituto Geográfico Nacional, dependente do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, notificando a solicitude de cambio de nome oficial presentada polo Principado de Asturias, o inicio do procedemento administrativo e a apertura do prazo de alegacións.

O Consello da Cultura Galega, como órgano estatutario de alta asesoría creado para a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, está expresamente recollido na *LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*: “O Consello da Cultura Galega, en virtude do establecido no artigo 32 do Estatuto de Autonomía e do artigo 6.a da Lei 8/1983, do 8 de xullo, é o máximo órgano de asesoramento e consulta dos poderes públicos da Comunidade Autónoma. A consellaría competente en materia de patrimonio cultural someterá ao seu ditame aqueles asuntos de especial relevancia, sen prexuízo das competencias do Consello Consultivo de Galicia e doutros órganos de consulta” (Art. 7,1).

En virtude desas competencias e a requirimento da Xunta de Galicia, o Consello da Cultura Galega, emite o seguinte informe, aprobado pola súa Comisión Executiva con data de 3 de maio de 2021.

1. Tras unha nova análise da documentación, o Consello da Cultura Galega ratifícase na posición sostida en anteriores informes emitidos sobre este asunto, pois non se aprecian cambios significativos nin na argumentación nin nos datos achegados. Polo tanto, mantemos que o topónimo debe ser *Ría de Ribadeo*. Envíase anexo o informe realizado no ano 2015 a petición dunha plataforma cidadá de Ribadeo.
2. A posición do Consello da Cultura Galega é concordante coa doutras institucións galegas e non galegas que tamén se pronunciaron no pasado, reiteradamente, sobre este asunto. Referímonos a organismos como a Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, a Real Sociedad Geográfica ou a Comisión Especializada de Nombres Geográficos, todos eles órganos de estudo formados por expertos. Facemos nosos os seus datos e



argumentacións; no noso informe de 2015 recóllese a ratificación da Dirección General del Instituto Geográfico Nacional, do Ministerio de Fomento, verbo do informe emitido por ese organismo en 2008.

3. A mesma posición sostén o grupo de investigación “Análise territorial” da Universidade de Santiago de Compostela, formado por xeógrafos cualificados, ao que o Consello da Cultura Galega solicitou informe para achegar na ocasión presente outra ollada experta desde unha perspectiva diferente. Acompáñase copia.
4. *Ría de Ribadeo* é a forma que avalan a documentación e a cartografía históricas ao longo dos séculos. Informes anteriores sinalaron xa a constancia con que se usa este topónimo en mapas e cartas náuticas realizadas en distintos séculos por autores diversos en diferentes países, incluídos organismos oficiais. Unha constancia que excede con moito o uso local e invalida o argumento de que poida tratarse dunha tradición exclusiva da beira occidental.
5. A denominación tradicional, patrimonial, correspóndese coa formación usual neste tipo de topónimos. Ao tomaren como base *ría*, tanto se son ‘rías’ no sentido terminolóxico ou simples esteiros, sempre complementan o nome co dunha localidade importante –xeralmente un porto– ou dunha terra, non co do río. E iso non é un trazo só da toponimia galega nin de Galicia, por máis que este sexa por excelencia o país das *rías*: *Ría de Aveiro*, *Ría de Arousa*, *Ría de Betanzos*, *Ría de Foz*, *Ría de Navia* (non *del Navia*, como se diría se fose do río), *Ría de Avilés*, *Ría de Tinamayor*, *Ría de Villaviciosa*, *Ría de Cubas*, *Ría de San Vicente*, etc. A constancia alcanza todas as “rías” asturianas; unha visita ao CORDE (da RAE) mostra que esta é tamén a norma constante en español desde os primeiros rexistros do séc. XVI (*Ría de Santander*, *R. de Vigo*, *R. de Lisboa*, *R. de Londres*, *R. de Valdivia*...). A solución proposta polo Principado non constata unha excepción pois esta non se produciu historicamente de xeito espontáneo: é unha acción de política lingüística que ten como efecto colateral introducir unha anomalía denominativa onde non a había.
6. *Ribadeo* non só deu nome á ría, nunha situación en que, ao parecer, esta actuaba como elemento vertebrador e non como fronteira. Existiu unha xurisdición chamada *Terra de Ribadeo* que se estendía por toda a ribeira



oriental, hoxe parte de Asturias. Desde a Idade Media diocese de Oviedo contou cun arcediagado de *Ribadeo* que comprendía non só parroquias do occidente asturiano senón do leste de Lugo. O condado de *Ribadeo* tiña xurisdición sobre localidades da outra ribeira, como Castropol. A actual localidade da Veiga (cast. Vegadeo) foi outrora *A Veiga de Ribadeo*. Son só algunhas mostras das pegadas históricas do topónimo na contorna: queda aos historiadores discernir en que medida a forma *Ribadeo* do topónimo *Ría de Ribadeo* se debe á importancia do porto e vila do mesmo nome ou a calquera dos outros usos, pero apuntan á inconveniencia de alterar sen xustificación histórica as denominacións toponímicas.

7. Os topónimos son nomes propios. Non deben confundirse as formas toponímicas con sintagmas usados de xeito máis ou menos frecuente para se referir ás mesmas realidades xeográficas de modo descritivo, poético ou alusivo a unha faceta característica. Nin “la villa y corte” é un topónimo alternante con *Madrid*, por máis que se refira de xeito inequívoco a esta cidade, nin “a Boa Vila” ou “a cidade de Teucro” o son de *Pontevedra*. Ninguén pode poñer en dúbida que sintagmas como “a ría do Lérez” ou “a ría do/del Eo” sexan gramaticais nin que se refiran de xeito inequívoco á *Ría de Pontevedra* e á *Ría de Ribadeo*, respectivamente; o problema está en discernir se realmente son topónimos (nomes propios) ou son sintagmas denominativos de carácter descritivo, co significado ‘a ría caracterizada por desaugar nela, de forma principal, o río Lérez/Eo’, formados con intención estilística.
8. A recomendación dos expertos, consonte os ditames de organismos internacionais con autoridade na materia, é manter no posible formas únicas nos topónimos, igual que se fai na terminoloxía fronte aos usos populares dos nomes comúns. As mesmas instancias recomendan tamén evitar os cambios innecesarios, tanto por garantir a eficacia coma por respecto patrimonial. Para seren eficaces, os topónimos deben manter sempre a mesma forma estándar, pois débense poder interpretar de maneira inequívoca.
9. A toponimia tradicional forma parte do patrimonio cultural inmaterial, e por tanto todos os organismos públicos están obrigados á súa protección. No “Preámbulo” da *Ley 10/2015, de 26 de mayo, para la salvaguardia del*



*Patrimonio Cultural Inmaterial*, entre os compromisos internacionais, lémbrese que a resolución IX/4 da Novena Conferencia das Nacións Unidas sobre a Normalización dos Nomes Xeográficos (2007), tendo en conta a Convención da UNESCO de 2003, para a Salvagarda o Patrimonio Cultural Inmaterial, insta a que os organismos oficiais encargados elaboren programas de salvagarda e promoción do patrimonio toponímico. Este corpus onomástico con todas as súas capas e influencias culturais é como un palimpsesto que nos permite entrever o relato da instalación das sucesivas xeracións nun territorio: todas as perdas toponímicas borran un anaco desa historia; todas as manipulacións impiden ler de forma correcta as pegadas deixadas.

10. Os programas de protección do patrimonio toponímico traballan a favor de manter as denominacións tradicionais, non para acomodalas ás preferencias e debates da sociedade actual. Por iso debe manterse a forma patrimonial *Ría de Ribadeo*, testemuño dunha historia que nada ten que ver con pugnas modernas sobre primacías ou identidades localistas.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2021.

